



## ENTREVISTA A BIEITO IGLESIAS “ERÁAMOS PRENACIONAIS E PREPOLÍTICOS Á MARXE DO MUNDO”

### **Onde naceu?.**

Nacín en Quintián, en face da estación do tren, nunha casa que xa desapareceu, e crieime na Chavasqueira en casopa tamén esbarruada recentemente.

### **Como era a familia?. Cantos eran?.**

Eramos meus pais e mais eu e dous primos co seu proxenitor (tío político meu). A familia xuntouse ao ficaren orfos de nai os primos para que a miña mamá exercese de tal tamén dos seus

sobriños. Daquela a familia era un clan extenso.

### **Como foi a súa infancia?. Que recordos conserva?.**

Apenas tres lembranzas:

Acórdome de dous mozotes que baixaran de Amoeiro para traballar na construción e vivían realugados. Realugáranlle a un casal a metade dun cuarto: eles dumían nun lado e tras unha cortina o casal con dous fillos.

Acórdame ben a recua de mulas burreñas e cabalos dos ciganos que

acampaban pé do Miño, que pasaban coas alforxas cargadas de coios do río para reforzar o formigón da Ponte Novísima (hoxe do Ribeiriño).

Acórdanme os labregos da contorna que baixaban á capital no verao para tomar baños contra a reuma nas charquelas caldas da ribeira do río. Non se bañaban propiamente aínda que lles chamabamos *bañeses*, metían as pernas na auga quente e tapábanse cun cobertor para absorber o vapor. Todo o coiñal á beira do Miño aparecía como unha sucesión de centos de mantas espaxadas aquí e acolá.

Non sei se viviamos en España, todo o arrabaldo era virtualmente monolingüe en idioma galego e as persoas non foran *nacionalizadas* aínda pola escola e os medios de masas, de maneira que ignorabamos a nosa condición de compatriotas de Indíbil e Mandonio, de Guzmán el Bueno e do Cid Campeador. Eramos prenacionais e prepolíticos, estabamos instalados no principio de individuación, ocupándonos dos nosos asuntos e das nosas familias á marxe do mundo e das súas monarquías.

### **A escola estaba tamén no barrio?.**

Fun á escola en Coles, meus pais emigraron e marchei cos avós. Regresei á Ponte con once anos, en 1968, para cursar o bacharelato anterior á Reforma Villar Palasí (seis cursos mais Preu) no Instituto Masculino, hoxe chamado Blanco Amor.

### **Como era o barrio daquela?. Ata onde chegaban as casas?.**

Había un núcleo moderno de predios feístas típicos do desarrollismo franquista (Entorno da Normal e o

Instituto, do 12 de Outubro e do Parque Infantil –nas rúas e edificios construídos sobre a antiga estación ferroviaria anterior aos anos cincuenta-, Avenida das Caldas, rúa do Mercado e rúa do Cuartel, onde había unha fábrica de xelo que nos refrescaba na era refrigorífica); logo arrabalos rururbanos ás mesturas, con casas entre hortas e viñas onde se criaban porcos con lavaduras (As Tapias, Peliquín, o Pino ou o Vinteún, barrio erguido con bolívares venezuelanos sobre un vello recinto da feira celebrada o vinte e ún de cada mes; e por último os “baixos fondos” do Ribeiriño e da Chavasqueira, onde en cada casarella moraban varias familias que compartillaban cociña e retrete como nun *conventillo* de Buenos Aires.

### **Que papel xogaba a praza de abastos?.**

Nela e nalgúns ultramarinos comprábanse os alimentos que non producían os tarreos ou hortas que había nas traseiras de moitas casas.

### **Que aproveitamento se facía dos espazos ás beira do río?.**

Na beira do río e noutras zonas do arrabaldo, por parte das pequenas hortas familiares, había moitas viñas de propietarios como as Baleiras ou o Vellao. De Chantada, A Peroxa e a redonda rústica baixaron familias naquel éxodo rural dos sesenta para traballaren como caseiros ou xornaleiros ao servizo deses propietarios ricos. As marxes do río non dedicadas a vide eran coiñais (de cantos rodados) ou canedos. Tamén había lameiros ou prados ribeiras e familias

de pescos con nasa ou cana que vendían anguías e peixes cando aínda subía o anguión ou o salmón, inantes de que o encoro de Castrelo acabase con esa pesca.

### **Como era o tempo de lecer?.**

Os raparigos bañábanse no río no verao, desafiando o perigo de afogar nos remuíños, xa nos sesenta apampaban vendo nos bares (onde había televisores) os caneos de Amancio e as teleseries norteamericanas (*Bonanza, O Virxiniano, Misión Imposible..*) ou acudían aos cines Iago ou parroquial para admirar o ouveo de *Tarzán*. Tamén podías atravesar a Ponte Vella ou a Novísima para ir aos circos que acampaban onde hoxe está o Pavillón ou ao estadio do Couto onde o club deportivo Ourense vivía momentos estelares grazas á única figura balompédica que diu esta cidade, Carlos Couceiro Gómez, de nomeada Pataco, do arrabaldo de Covadonga, daquela coñecido como Vichita (polo western *Wichita, cidade sen lei*).

### **Que recorda das míticas festas da Ponte?.**

Das festas do Santiago lembro as catro orquestras diarias durante unha semana inteira, con palcos na esplanada da estación, nas Caldas, fronte ao Café Lisardo ou onda a Normal. Miles de persoas desfilaban de palco en palco, bailando ao son das míticas orquestrinas como La Florida, Bellas Farto ou Chicos del Jazz, e abrindo a boca cando cantaba coplas ou pasodobles un célebre imitador de Antonio Molina e Manolo Escobar: Manolito el Pescador, natural de

Taragoña. Destacaba tamén a festa de pote, coas empanadas que facía o forno do Rincón. Levábase da casa a zaragallada en cru nunha pota cunha etiqueta (por se che daban o cambiazo, incluso había quen quedaba toda a noite velando a pota por un seacaso) e alí enforaban e cocían. A mediados da década dos 60 a festa pasou a celebrarse no centro do barrio da Ponte, ata ese momento había unha romaría campestre na beira do Miño, augas abaixo despois do manancial do Tinteiro e camiño de Outariz, nun prado chamado Campo de Santiago.

### **Que tipo de empregos tiñan as mulleres daquela?.**

As leiteiras e rianxeiras (vendedoras de verdura e legumes que chegaban dos arredores) visitábanos tódolos días coas súas mercadorías, arribando a pé ou nos coches de liña desde os agros do hinterland de Ourense, pero as mulleres asentadas aquí (coa excepción de costureiras, dependentes de comercio, comadroas, oficinistas ou empregadas de almacén como a Ermesinda que axudou a mesturar o venenoso metílico nas bebidas do bodegueiro Rogelio Aguiar, que intoxicaron a moita xente desde o seu galpón de madeira situado na rúa Rosalía de Castro, esquina coa rúa do Mercado) ocupábanse da casa, de coidar os fillos e acomodar gando doméstico -porcos, coellos ou galiñas- se os tiñan, mentres os homes traballaban a toque de sirena da Fundición Malingre. Por suposto botaban a porta fóra para ir por auga quente á Burga (hoxe Termas) ou para lavar debuzadas sobre unha táboa na beiriña do río. Estendían a roupa en

tendais (cordas sobre paus espetados no camiño viciñal), capturaban anguías que ficaban entrampadas nas charquelas do coiñal e atizaban as cociñas de ferro con serraduras que distribuía cun carretillo un señor que as obtiña nos talleres de mobles ou de caixas fúnebres.

**Cal é o súa mellor lembranza daquela época?**

O mellor recordo talvez a visión do camión de gasosas Domínguez (ou Troncoso) que ao chegar ao camiño viciñal ralentizaba a marcha, momento que os meniños aproveitaban para empoleirarse nas baldas ou agarrados ás portas. O chofer adoptaba agasallarme cun botellín daquela bebida gaseada cando me encontraba outeando desde o patín da nosa casa,

Aos 17 anos rematei o bacharelato e funme de Ourense a Compostela. Desde entón (1975) regresei unicamente de paso, pero, como escribiu José Ángel Valente, que tamén se foi con dazasete primaveras, *marchar foi o xeito de ficar para sempre*. Seguí vivindo na Ponte en libros como *Miss Ourense*, *Pan e Coitelo*, *O Ouro de Ourense* ou *Guías Caninos*.

